- Derivada dunha función nun punto: definición a partir do estudo do cambio en diferentes contextos. Interpretación xeométrica. Recta tanxente. Utilización da definición de derivada dunha función nun punto para o seu cálculo en casos sinxelos.
- Función derivable nun conxunto. Función derivada. Derivadas sucesivas.
- Funcións derivadas das funcións elementais. A derivada e as operacións con funcións.
- Cálculo de derivadas utilizando lapis e papel en casos sinxelos e ferramentas tecnolóxicas nos casos más complexos.
- Aplicación dos límites, a continuidade e a derivada a situacions da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.
- Relacións e funcións.
- Aplicación do cálculo diferencial ao estudo da monotonía, extremos, curvatura e puntos de inflexión de funcións polinómicas, exponenciais, irracionalis, racionais sinxelas, logarítmicas e trigonométricas.
- Aplicación do cálculo diferencial á representación gráfica de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Estudo das súas características principais: dominio, simetrías, periodicidade, crecemento, decrecemento, extremos, curvatura, puntos de inflexión e as
- Álgebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.
- Pensamento computacional.
- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando ferramentas ou programas adecuados.

UD	Título da UD	Duración
12	Probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conjecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios en problemas de forma guiada.	PE	100
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conjecturas e problemas de forma guiada.	Adquire coñecemento de técnicas de reconto a partir da formulación de conjecturas e problemas de forma guiada.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacions diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de probabilidade polo método frecuentista e pola regla de Laplace, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Medición.
- A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.
- Incerteza.
- Cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial e como medida da incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a súa experimentación.
- Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacóns de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto. Axiomática de Kolmogorov.

UD	Título da UD	Duración
13	Estatística	10

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conjecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o novo concepto de variable bidimensional construíndo a táboa de dobre entrada. Calcula as distribucións marxinais e condicionadas en problemas de forma guiada.		
CA5.2 - Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razonamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías más adecuadas.	Representa graficamente variables bidimensionais estruturando razonamentos matemáticos como o grao de relación e emitindo xuízos.		
CA5.3 - Manexar algunas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso.	Manexa estratexias e ferramentas dixitais na regresión lineal e cadrática e fai valoración gráfica da pertinencia do axuste, diferenciando entre correlación e causalidade.	PE	100
CA5.4 - Resolver problemas en situacóns diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables do mundo real e facendo predicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Organización e análise de datos.
- Variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística.
- Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade.
- Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos científicos e tecnolóxicos.
- Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estadísticos.

## Contidos

- Inferencia.
- Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais con ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
14	Matemáticas para a vida en sociedade	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analiza a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos da sociedade.		
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afronta as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerllas fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerllas fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	TI	100
CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demás e escouitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais más propicias e fomentando o benestar grupal e as relac	Participa en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando e escouitando aos demás, identificando as habilidades sociais más propicias e fomentando o benestar grupal.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostra organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñece e emprega a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavalización, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.

## Contidos

- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

O proceso de ensinanza-aprendizaxe entendemos que debe ter en conta diversos factores:

a) O nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas ao terminar o segundo ciclo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria

Na actualidade, está unanimemente estendida entre a comunidade de educadores a premisa de que toda ensinanza que pretenda ser significativa debe partir dos coñecementos previos dos alumnos e as alumnas. Dese xeito, partindo do que xa saben, poderemos construír novas aprendizaxes que conectarán cos que xa teñen de cursos anteriores ou de o que aprenden fóra da aula, ampliándoos en cantidade e, sobre todo, en calidade.

b) Ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna

Cada persoa aprende a un ritmo diferente. Os contidos deben estar explicados de tal xeito que permitan extensións e gradación para a súa adaptabilidade.

c) Preparación básica para un alumnado de Ciencias ou Enxeñería (para a materia de Matemáticas) e para un alumnado de Ciencias Sociais (para a materia de Matemáticas Aplicadas)

Os alumnos e as alumnas destes bacharelatos requieren unha formación conceptual e procedemental básica para un estudiante de Ciencias ou de Ciencias Sociais: Unha boa bagaxe de procedementos e técnicas matemáticas, unha sólida estrutura conceptual e unha razoable tendencia a buscar certo rigor no que se sabe, en como se aprende e en como se expresa.

d) Atención ás necesidades doutras materias

O papel instrumental das Matemáticas obriga a ter en conta o uso que delas se pode necesitar noutras materias. Concretamente, as necesidades da Física imponen que os temas de derivadas e integrais se traten con algo máis de profundidade do que se faría de non darse ese requerimento.

Unha concepción construtivista da aprendizaxe

Desde a perspectiva construtivista da aprendizaxe en que se basea o noso currículo oficial e, consecuentemente, este proxecto, a realidade só adquire significado na medida en que a construímos. A construcción do significado implica un

proceso activo de formulación interna de hipóteses e a realización de numerosas experiencias para contrastalas coas hipóteses. Se hai acordo entre estas e os resultados das experiencias, *¿comprendemos?*; se non o hai, formulamos novas hipóteses ou abandonamos. As bases sobre as que se asenta esta concepción das aprendizaxes están demostrando que:

1. Os conceptos non están illados, senón que forman parte de redes conceptuais con certa coherencia interna.
2. Os alumnos e as alumnas non saben manifestar, a maioría das veces, as súas ideas.
3. As ideas previas e os erros conceptuais déronse e seguen a darse, frecuentemente, en alumnos da mesma idade noutros lugares.
4. Os esquemas conceptuais que traen os estudiantes son persistentes, e non é fácil modificalos.

Todo isto ten como consecuencias, que deben ser tomadas en consideración polo profesorado, cando menos, as seguintes:

- Que o alumnado sexa consciente de cal é a súa posición de partida.
- Que se lle faga sentir a necesidade de cambiar algunas das súas ideas de partida.
- Que se propicie un proceso de reflexión sobre o que se vai aprendendo e unha autoavalaiación para que sexa consciente dos progresos que vai realizando.

Así pois, o noso modelo de aprendizaxe, que se basea no construtivismo, ten en conta os coñecementos previos dos estudiantes, o campo de experiencias no que se moven e as estratexias interactivas entre eles e co profesorado. Di Polya que non hai máis que un método de ensinanza que sexa infalible: se o profesor se aburre coa súa materia, toda a clase se aburrirá irremediablemente coa materia. Expresa, como elementos dunha metodoloxía que compartimos, algúns detalles como os seguintes: *¿Deixa que os estudiantes fagan conjecturas antes de darles ti apresuradamente a solución; déixalles investigar por si mesmos tanto como sexa posible; deixa que os estudiantes fagan preguntas; déixalles que dean respuestas. A toda custa, evita responder preguntas que ninguén formula, nin sequera ti mesmo.*

O estilo que cada profesor ou profesora lles dea ás súas clases determina o tipo de coñecementos que o alumno constrúe. Neste sentido, hai un xeito de *¿facer nas clases?* que xera aprendizaxes superficiais e memorísticas, mentres que noutros casos se producirán aprendizaxes con maior grao de comprensión e profundidade. De acordo co famoso parágrafo 243 do informe Cockcroft, que tantas repercusións está tendo nos últimos tempos, deberíamos *¿equilibrar?* as oportunidades para que nunha clase de Matemáticas haxa:

- Explicacións a cargo do profesor.
- Discusións entre profesor e alumnos e entre os propios alumnos.
- Traballo práctico apropiado.
- Consolidación e práctica de técnicas e rutinas fundamentais.
- Resolución de problemas, incluída a aplicación das Matemáticas a situacións da vida diaria.
- Traballos de investigación.

Utilizaremos en cada caso o máis axeitado dos procedementos anteriores para lograr a mellor aprendizaxe dos alumnos sobre feitos, algoritmos e técnicas, estruturas conceptuais e estratexias xerais. Calquera planificación da ensinanza ou calquera metodoloxía que inclúa de forma equilibrada os catro aspectos poderá valorarse como un importante avance respecto á situación actual. Ata este momento, veuse insistindo moito no dominio case exclusivo de algoritmos e técnicas, o que, efectivamente, produce resultados dun certo tipo a curto prazo, pero anula moitos aspectos de comprensión, non favorece, ou obstaculiza, o desenvolvemento de estruturas conceptuais e, en definitiva, non fai nada por favorecer o desenvolvemento de estratexias xerais.

Por outra parte, hai capacidades en Matemáticas que non se desenvolven dominando con soltura algoritmos e técnicas. Trátase de capacidades más necesarias no momento actual e, con toda seguridad, no futuro. Referímonos á resolución de problemas, elaboración e comprobación de conjecturas, abstracción, xeneralización... Por outra parte, ademais de ser capacidades más necesarias, a realidade das clases demostra que os alumnos *¿o pasan mellor?* cando se lles propoñen actividades para desenvolverlas nas aulas; é dicir, cando actúan como o fan os matemáticos.

Non se pon en dúbida o feito de que se requiren certos algoritmos e rutinas en Matemáticas. Só se pretende poñer énfase en que non son o máis importante, e, desde logo, non son o único que debemos facer nas clases. Na actualidade, numerosos documentos, actas de congresos e libros de recente publicación avogan por un ensino das Matemáticas onde haxa moito de descubrimento de conceptos, regularidades e leis por parte do alumno e menos de retransmisión a cargo do profesor. Máis de conflito durante a aprendizaxe e menos de acumulación de técnicas, algoritmos e conceptos *¿cociñados?* previamente polo profesor.

Sería bo que, ante a formulacións de cuestións polo profesor, os alumnos puidesen dar respuestas rápidas que facilitasen coñecer a situación de partida, e permitirlles logo contrastala co resultado final, para que poidan apreciar os seus «progresos». É esta unha maneira de ir xerando confianza. Unha vez elaboradas as primeiras hipóteses de traballo, a discusión co profesor poñerá de manifesto o acertado do pensamento e a reformulación das conclusións, se procede.

Lembraremos a concepción das Matemáticas expresada por Jeremy Kilpatrick (ICMI-5, 1985, Adoaida): «As Matemáticas son unha cuestión de ideas que un estudiante constrúe na súa mente (e isto é algo que só o estudiante pode facer por si mesmo). Estas ideas veñen de experiencias... e non están previamente codificadas en linguaxe natural. Novas ideas son construídas sobre as ideas que o estudiante xa ten na mente, combinándoas, revisándoas, etc., a miúdo dunha maneira metafórica. A aprendizaxe efectivo require non puramente facer algo, senón tamén reflexión sobre o que se fixo despois do que fixeche...».

Esta concepción traerá como consecuencias, entre outras, que:

- a) A aprendizaxe deberá empezar con experiencias das que xurdirán ideas.
- b) Non deberíamos empezar co que os alumnos teñen que facer, co que teñen que aprender..., senón propoñendo algúna cuestión, formulando algúna situación ou tarefa para ser realizada.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material elaborado polo profesorado do Departamento.
Fotocopias de actividades deseñadas polo Departamento.
Calculadora científica.
Ordenadores das aulas de Informática do Centro.
Software informático: folla de cálculo, programas de representación de funcións,...
Instrumentos de debuxo (regra, compás, escuadra e cartabón, transportador de ángulos, papel milimetrado)
Dotación de aula (pc, proxector, encerado dixital, ...)
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nas que se utilizarán tamén aplicacións web.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolvida na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamiento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>UD 7</b>	<b>UD 8</b>	<b>UD 9</b>	<b>UD 10</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 11</b>	<b>UD 12</b>	<b>UD 13</b>	<b>UD 14</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	0	<b>93</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	100	<b>7</b>

### Criterios de cualificación:

Cualificación en cada avaliación:

A cualificación global na avaliación obterase a partir de:

- Realización de PROBAS ESCRITAS, que determinarán a cualificación nos contidos da avaliación e terá unha ponderación do 90% na cualificación global da avaliación.
- En cada avaliación realizarase un exame parcial (30%) e un exame final (70%). O exame final versará sobre todos os contidos de dita avaliación.
- A cualificación nos contidos da avaliación obterase coa media ponderada das notas dos dous exames.
- Observación do TRABALLO DO ALUMNO, cunha ponderación na cualificación global do 10%. Terase en conta:
- Traballo na aula: realización das actividades indicadas polo profesor, respuestas a controis orais ou escritos sobre algún contido ou procedemento, realización de exercicios no encerado, corrección dos exercicios no caderno de traballo,... e calquera actividade desenvolvida na clase.
- Traballo na casa: realización das tarefas marcadas, realización de actividades de reforzo e ampliación cando se considere oportuno, revisión do caderno.
- Observación da ACTITUD do alumno na aula: atención prestada, esforzo, interese por aprender, participación,....
- A reiteración da non realización ou entrega das tarefas propostas conllevará unha cualificación de cero neste apartado, é dicir, se un alumno non entrega ou ten cualificación negativa, polo menos, na metade dos items recollidos durante a avaliación, poderá levar un 0 na parte de traballo do alumno.

Recuperación das avaliacións suspensas:

Unha vez feitos os exames correspondentes a cada avaliación, o alumnado que non obteña unha cualificación global dun 5 terá dereito a un exame de recuperación.

Só será recuperable a parte correspondente ás PROBAS ESCRITAS (90% da cualificación) polo que a nota correspondente ao TRABALLO DO ALUMNO será a mesma que a que obtivo o alumno durante a avaliación.

Calquera alumno que teña unha avaliación aprobada poderá subir a cualificación desa avaliación presentándose á recuperación correspondente. Só poderá subir a cualificación da parte das probas escritas. A efectos de calcular a media do curso contabilizárase a maior das cualificacións obtidas.

#### Cualificación final:

Para aprobar a materia será necesario que todas as cualificacións das avaliacións sexan polo menos de 5 puntos e a cualificación obterase como a media aritmética das cualificacións de cada avaliación. En caso contrario, asignarase unha cualificación final dun 4 e para poder superar a materia terá que presentarse á proba extraordinaria que se desenvolverá segundo o calendario escolar para o presente curso.

No caso de detectarse algún intento por copiar ou empregar calquera tipo de ferramenta tecnolóxica non autorizada nunha proba escrita, recuperación, exame final,etc. a cualificación de dita proba será 0.

#### Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria deberá presentarse á proba extraordinaria de xuño.

##### Estrutura da proba:

A proba constará de tres partes, unha por cada avaliación.

O alumnado avaliarase das avaliacións que teña cunha cualificación inferior a 5.

Conservaranse as cualificacións non inferiores a 5 obtidas na avaliación ordinaria.

Para superar a materia o alumnado deberá obter unha cualificación non inferior a 5 en cada una das partes ás que teña que presentarse.

A cualificación final obterase como a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións das que se compón o curso.

Se a avaliación da materia fose negativa, terán unha convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Aprobouse por unanimidade na CCP de xuño do 2022, fixar unha semana de exames globais a finais de setembro, para pendentes de ESO e BAC, cun calendario elaborado por XE. .

Se o/a alumno/a consegue o aprobado, esa nota reflectirase en todas as avaliacións de pendentes.

No caso de que suspenda, acolleranse ao plan de pendentes que se recolle na programación.

Se ademais o alumnado coa materia pendente debe entregar algún tipo de repaso ou traballo o día do exame, hai que comunicarllo ao alumnado e á familia.

A existencia desa convocatoria foi comunicada ás familias por Abalar a finais de xuño co obxectivo de que, os que o desexaran, prepararan a materia no verán.

A continuación detállase o procedemento para a recuperación das materias pendentes na ESO e para as materias de 1º de Bacharelato das que están matriculados alumnos de 2º de Bacharelato.

O Xefe ou Xefa do Departamento entregará aos alumnos unhas follas con exercicios de cada unha das partes. O seguimento farao o profesor que imparte a materia que o alumno ten pendente.

- Faranse dous exames parciais e un final. Cada exame constará dunha parte con exercicios similares aos dos boletíns entregados a principio de curso.
- As recuperacións de pendentes na ESO faranse nas datas orientativas que se indican a continuación e cada profesor/a que imparta cursos deste nivel encargarase de corrixir as probas tanto parciais como final dos seus alumnos/as durante o presente curso académico, para así facer un seguimento más próximo dos progresos destes.
- As recuperacións de bacharelato faranse tamén nas datas seguintes e encargarase de corrixir as probas o profesor/a responsable da materia.
- As probas poñeranse conjuntamente entre tódolos membros do Departamento e serán iguais para tódalas seccións dun mesmo curso áinda que sexan corridas por diferentes profesores/as.

Datas dos exames:

- Primeiro exame parcial: Novembro.
- Segundo exame parcial: Febreiro.
- Exame final: Abril .

Avaliación:

- Faremos a media aritmética entre as dúas notas obtidas nas probas parciais sempre que as puntuacións sexan como mínimo de 4.5 puntos en cada unha das partes.
- No caso de que as dúas probas teñan unha puntuación maior ou igual que 4.5 e a media entre elas sexa 5 ou máis, a materia quedará recuperada.
  - No caso de ter unha puntuación menor de 4.5 puntos nunha das partes tendo a outra cunha puntuación maior ou igual que 5 non se fará a media.
  - O alumno poderá elixir entre facer o exame final de toda a materia ou repetir só esa parte suspensa.
    - a) No caso de elixir repetir só a parte suspensa, para facer a nota final, contará a nota obtida na repetición desta. Se esta é de 4.5 ou máis, fará media coa nota da parte aprobada. Se a media é menor que 5 a materia queda sen recuperar. Se é de 5 ou máis queda recuperada.
    - b) No caso de elixir facer un exame final, terá que acadar neste a cualificación de 5 ou máis para poder aprobar.
  - Os alumnos que teñan as dúas partes suspensas, farán o exame final, en abril.
- Se a avaliación da materia pendente fose negativa despois da convocatoria de abril, terán unha convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

#### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Non procede.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As medidas de atención á diversidade, rexeranse polo recollido no Plan de Atención á diversidade do centro e na lexislación vixente, indo sempre do ordinario ao extraordinario e podendo ser modificadas froito da avaliación continuada das mesmas.

A relación de alumnado que é obxecto de medidas de atención á diversidade recollerase nas actas de departamento.

Na atención ao alumnado con NEAE coidarase que teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarase a súa participación no desenvolvemento das accións educativas.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.

## **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC.		X	
Circuíto Matemático de Nadal	Proporase a participación no circuíto matemático de nadal	X		

### Observacións:

En xeral, colaborarase activamente en todas as actividades propostas por este o outros departamentos nas que poda participar o alumnado do grupo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado

Medidas de atención á diversidade
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado
Outros
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Participación activa de todo o alumnado
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas

**Descripción:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 157/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar os procesos de ensino e a propia práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro. Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

**9. Outros apartados**